

Concello de Viveiro

EXPTE.- 781/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo N.º 127, do luns, 03 de xuño de 2024, publícase a convocatoria do proceso para a selección de UN PSICÓLOGO/A, con carácter temporal, mediante a modalidade de funcionario interino, encádrado no suposto previsto no artigo 23.2 c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, ao amparo da RESOLUCIÓN de 22 de abril de 2024 da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as subvencións previstas na Resolución do 29 de novembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 ata o 31 de marzo de 2025.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas para a selección e a convocatoria para a cobertura dunha praza de funcionario/a interino de psicólogo/a do CIM do Concello de Viveiro.

Vista a base 8.1, que sinala "(...)Na composición do tribunal respectarase a paridade entre homes e mulleres. Deberá designarse un suplente para cada membro do Tribunal. Todos os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo. A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación..."

Vista a base 8.2, que sinala "(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros..."

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Dona María Luz Balsa Rábade, Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

Suplente: Dona María Nieves Leitao Cora, Técnico de Administración Xeral.

VOGAIS:

Titular: Dona María Rocío Valle Fraga, Asesora Xurídica do CIM do Concello de Burela.

Suplente: Dna. Beatriz Vale Conesa, profesora do Conservatorio de Música.

Titular: Dona Lucía Míguez López, Traballadora Social do Concello de Viveiro.

Suplente: Dona María Sonia García Rodríguez, Profesora do Conservatorio de Música.

Titular: Don Don Antonio Jose Álvarez Neira, Director do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

Suplente: Don Juan Carlos García Rega, Profesor do Conservatorio de Música.

SECRETARIO:

Titular: Antonio Río Rodríguez, Profesor do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.



Concello de Viveiro

Suplente: Juan Cabalar Filgueiras, Profesor do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

SEGUNDO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro **o MÉRCORES DÍA 26 DE XUÑO DE 2024, ÁS 09:00 HORAS**, para a constitución do Tribunal, valoración de méritos e proposta de selección.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa-Presidenta,
Decreto 128/2018.

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

